



## ACTA DO XURADO DA XV EDICIÓN DO CONCURSO LITERARIO ÁNHEL CASAL 2010

Logo da convocatoria do Departamento de Educación deste Concello para os efectos de elixir os premios da XV Edición do Concurso Literario Ánxel Casal nas modalidades de conto, teatro e poesía, reúnen no Salón Verde do Concello de Santiago de Compostela os seguintes membros do xurado:

Mercedes Rosón Ferreiro  
Concelleira de Educación

Marcos Sánchez Calveiro  
Escritor

Xosé M. Rodríguez – Abella Gómez  
Secretario do Xurado

Dores Tembrás Campos  
Poetisa

Manolo Bragado  
Director da Editorial Xerais

Ana Castiñeira Rial  
Profesora de Lingua e Literatura Galega

Ás 10:00 horas do día 1 de decembro de 2010, a presidencia abre unha quenda de intervencións para que os membros do xurado expoñan os seus criterios con respecto aos traballos presentados a esta XV Edición do concurso literario Ánxel Casal.

Logo das oportunas deliberacións, resultan elixidos os seguintes textos:

### Na MODALIDADE DE POESÍA:

**1º Premio**, presentado por **Afonso Francisco Traficante Fernández**, do I.E.S N<sup>º</sup>1 de Ordes, de Ordes (A Coruña), co título “*Nós Corredíos*” e baixo o pseudónimo *Piñán*.

Comentario: O xurado quere salientar a ambición conceptual e estrutural desta obra e a capacidade do seu autor para xogar coa linguaxe e co espazo do poema, así como para salferir os versos con acedas pingas de irreverencia e humor dende a súa advertencia inicial aos lectores accidentais.

**2º Premio**, presentado por **José Ismael Ramos Castelo**, do IES Virxe do Mar, de Noia, co título “*Capricho (poesía existencial demasiado azucrada)*” e baixo o pseudónimo *Melómano Extasiado*.

Comentario: Pola destilación poética dos seus versos que trocan o poema nun concentrado lírico que e recomendábel beber a grolas e polo diálogo consciente do seu autor con outros poetas contemporáneos, asumindo que quen crea, recrea.

O xurado quere dar unha **Mención especial**, ao traballo presentado por **Jesús Castro Yáñez**, do IES Pedregal de Irimia, de Lugo, co título “*Paxarotempos*” e baixo o pseudónimo *Rocamadour*.

Comentario: Polo acertado manexo do contrapunto poético por parte do seu autor e a introducción de interesantes notas humorísticas nos seus versos cun sabio manexo da caligrafía poética, así como un magnífico tratamento do espazo lírico.

#### **MODALIDADE DE TEATRO:**

**1º Premio**, presentado por **Lara Porto Mato**, do *Colexio Manuel Peleteiro*, de Santiago de Compostela, co título "*Sagrada Familia*" e baixo o pseudónimo *Ailec*.

Comentario: Polo seu tratamento dun tema de tanta actualidade como o do abuso a menores e o seu eficaz desenvolvemento dramático que nos revela as miserias dunha sociedade cada vez máis dominada polos prexuízos, a hipocrisía e a falsidade.

**2º Premio**, declárase deserto.

En canto aos traballos presentados na **MODALIDADE DE CONTO:**

**1º Premio**, presentado por **Brais Lamela Gómez**, do *IES Basanta Silva*, de Vilalba, co título "*Fiat Voluntas Tua*" e baixo o pseudónimo *Ronsel*.

Comentario: Destaca polo sabia construción narrativa dunha historia adobiada cuns alicerces léxicos, documentais e literarios de moita relevancia que queren transcender máis alá dos manidos estereotipos do relato histórico.

**2º Premio**, presentado por **Iria Aldomar Dosouto**, do *IES Eduardo Blanco Amor*, de Ourense, co título "*Finis Mundi*" e baixo o pseudónimo *Brigantia*.

Comentario: O xurado quere salientar a súa medida estrutura narrativa que é quen de manter a tensión no lector ata o seu remate, mostrando ademais un destacado exercicio de introspección psicolóxica da súa protagonista.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2010